

Poe e Dieste: universo de influencias posibles

.....
M^a Fé González Fernández

1 ► Introducción

Como o título da nosa comunicación indica, *Poe e Dieste: universo de influencias posibles*, a nosa contribución hoxe aquí pretende ser un primeiro achegamento ó estudio comparativo de dous escritores de sistemas literarios tan diferentes como son o bostoniano Edgar Allan Poe (1809-1849) e o rianxeiro Rafael Dieste (1899-1981). A obra contística e a teoría do relato de ámbolos dous autores vannos servir neste traballo de punto de partida sobre o que construír esa rede de influxos posibles (por veces probables) que unha lectura detida das súas obras nos revelará.

Por outra banda, somos conscientes da dificultade intrínseca do noso labor e incluso desa miga de ousadía que comporta un estudio de tales características. Con todo, élle necesario á nosa literatura galega comezar a andar este vieiro aínda non tripado dos estudos comparativos entre as literaturas de fala

inglesa e galega. A penas un par de traballos sobre Joyce e Risco ou Cunqueiro e Shakespeare debidos á 289 pluma de Xosé Luís Sánchez Ferraces¹ e Manuel Míguez Ben² poden, nos últimos anos, citarse hoxe como precedentes dun labor comparativo literario galaico-anglosaxón. Estamos moi lonxe aínda de posuír entre os estudos crítico-comparativos para o caso inglés dun traballo científico rigoroso das características do realizado entre as literaturas galega e francesa por Dulin Bondue en *El granito y las luces*³.

Estas constatacións foron as que nos moveron a acercarnos ás obras de Poe e Dieste e tentar así a súa posta en relación. Xa que logo, imos traxear nas liñas que seguen primeiramente un plano aproximado do “estado actual da cuestión” entre a crítica para pasar, nun segundo momento, a expo-las visións que sobre a construción do relato sostiveron os dous autores e finalizar cun breve acercamento comparativo ós diferentes aspectos, motivos e técnicas semellantes nos contos do rianxeiro e do bostoniano.

.....
¹ Xosé Luís Sánchez Ferraces, “Introducción á lectura de *Dédalus en Compostela*”, *Boletín galego de literatura*, 12, Novembro do 1994, pp. 47-59.

² Manuel Míguez Ben, “Don/Hamlet”, AA. VV., *Congreso Alvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993, pp. 509-520.

³ N. Dulin Bondue, *El granito y las luces. Relaciones entre las literaturas gallega y francesa en la época moderna*, 2 vols., Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1987.

2 ► O estado da cuestión: apuntamento histórico e panorámica actual

A filiación poeiana da relatística de Dieste foi axiña sinalada pola nosa crítica. Pouco despois da aparición de *Dos arquivos do trasno* en 1926 un dos nomes emblemáticos do Grupo Nós, Vicente Risco, sinalaba nun artigo publicado na bonaerense revista *Céltiga*, a coincidencia que no desenvolvemento diexético destes oito relatos⁴ existía entre o rianxeiro e Edgar Allan Poe. Risco expresábase nos seguintes termos:

Os de Dieste son contos tráxicos e punxentes, nos que ás vegadas pasa a lembranza de Poe, o gran percursor non sei por qué tan esquencido...⁵

Teriamos que agardar á Posguerra para atopar outra indicación crítica semellante, esta vez debida ó profesor Ricardo Carballo Calero quen no ano 1963 ó facer unha análise da obra diesteana non deixa de decatarse da proximidade entre os dous autores:

Este carácter intelectual, artístico, consciente, reflexivo, luido dos relatos do noso autor, xuntamente coa preferencia por temas que teñen algo de extraordinario ou misterioso...como ocorre en Poe ou Borges marca fortemente *Dos arquivos do trasno*...⁶

Máis recentemente estes paralelismos foron defendidos con énfase por Anxo Tarrío Varela quen chega xa a postula-la semellanza non só dalgúns dos contos senón tamén a coincidencia de opinións en canto ás consideracións que tanto Poe coma Dieste fixeron do relato, para concluír sinalando que:

Un lixeiro confronto das opinións do rianxeiro coas do bostoniano non pode deixar de abraiar, en tanto en canto as coincidencias son evidentes. Loxicamente, o xeito de as expresar é propio e persoal en cada un dos autores, pero as ideas que latén no

fondo son as mesmas. Non vou facer aquí ese confronto pero invito ó lector a se achegar ós textos que, tanto un coma o outro, poñen no referente á unidade emotiva, á procura dun efecto único ó que teñen de se orientar tódolos eventos que se manexen, á importancia do remate como estourido abraiante e explicativo de todo canto lle precede, etc⁷.

E importante subliñar aquí que o profesor Anxo Tarrío deixa en todo momento claro que, a pesar das coincidencias dos dous contistas que chegaron ás mesmas conclusións teóricas sobre do relato, non existe evidencia ningunha de que Dieste puidese haber tido acceso ós relatos e ensaios poeianos, se ben, como trataremos de pór de relevo na nosa exposición, todo parece apuntar a que así foi⁸.

Un pouco máis tarde, en 1989, o crítico e periodista César Antonio Molina⁹ manifestará igualmente como a ambientación do relato "Sobre da morte do Bieito" lembra un moito a Poe e Mark Twain.

Do visto ata o de agora, bótase a ver que a opinión máis clara e significativamente expresa resulta se-la do profesor Anxo Tarrío, máxime se temos en conta a resposta crítica que esta ben xerando xa nos últimos anos. A este respecto, interéranos aquí varios dos traballos onde ten vertidas as súas opinións sobre do tema o crítico coruñés Arturo Casas, indiscutible especialista da obra diesteana. Casas, nun artigo¹⁰ publicado no ano 1990, afirma que a apreciación de Tarrío é acertada, sempre que se teña en conta o feito de que se ben "existe concomitancia teórica parcial entre Poe e Dieste, el resultado es divergente"¹¹. Para Arturo Casas a diferenza básica entre os dous contistas reside no feito da actitude que ambos manteñen cara ó lector. Namentres Poe trata de impo-la súa verdade ó lector, Dieste mantén a postura de que a realidade é demasiado complexa para ser interpretada de modo unívoco e deixa así sempre unha porta aberta para outras posibles

290

⁴ Ademais do "Limiar", detalladamente os que seguen, "Encol da morte de Bieito", "De cómo se condanóu o Ramires", "A lenda da vella Lusca", "A luz en silencio", "Hestoria dun xoguet", "O vello moreno", "O vagamundo" e "O vello que quería vélo tren".

⁵ Cito pola reprodución parcial do artigo en *Documentos A*, Barcelona, 1-1-1991, p. 162.

⁶ Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981³, p. 713.

⁷ Anxo Tarrío Varela, "*Dos arquivos do trasno*: "Opera Aperta"", *De letras e de Signos (Ensaio de semiótica e crítica literaria)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1987, pp. 86-90.

⁸ Noutros traballos volve sobre do tema como en Anxo Tarrío, *Literatura galega*, Madrid: Taurus, 1988, pp. 115-116 ou, practicamente sen modificación da anterior, en Anxo Tarrío, *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994, pp. 239-240; tamén aquí reitera a dúbida da que Dieste puidese ter coñecido en 1926 os ensaios críticos de Poe.

⁹ César Antonio Molina, "Prólogo" a Rafael Dieste, *De los archivos del trasgo*, Madrid: Espasa-Calpe, p. 20.

¹⁰ Arturo Casas, "Las artes del trasgo: primeras ficciones de Rafael Dieste", *Insula*, 525, setembro 1990, pp. 29-30.

¹¹ *Ibidem*, p. 30.

interpretacións por parte do lector. Por outra banda, Poe encaixaría mellor na liña do relato gnosolóxico mentres que Dieste o faría na do relato mitolóxico. Pola contra, engade Casas, hai un claro vínculo na praxe relativista de ambos autores no feito de que nos seus contos os obxectos exerzan por igual a súa presenza tiránica, punto este que non fora observado por Anxo Tarrío. Esta mesma posición de certa comunidade de ideas e prácticas entre as obras de Poe e Dieste, mantena Casas na súa monografía sobre o rianxeiro do ano 1994¹² onde, ademais, proporciona un novo dato: os contos “A volta” de Dieste e “Shadow” de Poe son relatos de anécdota parella. Opinións parecidas, xa para rematar con este apartado, sostívoas Darío Villanueva no seu estudio introductorio ás *Obras completas*¹³ de Dieste onde facía fincapé tanto na indubidable “converxencia estética” dos dous autores coma na patente desigualdade dos obras narrativas destes.

Unha vez establecida esta panorámica histórico-crítica estamos en disposición de abordar xa con certo detemento o confronto das teorías sobre do relato debuxadas por Rafael Dieste e Edgar Allan Poe, cousa que faremos a seguir.

3 ► Poéticas do relato e praxe contística: os universos ecoicos

Se algún punto resulta suxestivo para a crítica comparativa Poe-Dieste este é o das coincidencias entre as súas respectivas poéticas do relato. É por iso que nós agora, tomando como bases fundamentais os ensaios poeianos e as reflexións diesteanas, faremos certo fincapé nas súas semellanzas.

Poe deixou exposta a súa teoría sobre o relato principalmente en dous ensaios: “The Philosophy of Composition” e, máis concretamente, en “Twice-Told Tales”¹⁴. Pola súa banda, Dieste verteu as súas ideas

sobre da composición do conto no seu “Limiar” a *Dos arquivos do trasno*.¹⁵ Vexamos en que termos expresan as súas ideas.

Punto fundamental na teoría de Poe era a consecución do que el chamaba “efecto” ó que se debían supeditar tódolos outros elementos do relato:

having deliberately conceived a certain *single effect* to be wrought, he (the skifful artist) then invents such events, an discusses them in such tone as may best serve him in establishing this preconceived effect...In the whole composition there should be no word written of which tendency, direct or indirect, is not to the one pre-established design...¹⁶

Para Dieste ese centro esencial do relato, ese toque de efecto está no final do mesmo, e cara á consecución deste remate sorpresivo teñen que orientarse tódolos elementos textuais do conto. Son tres os aforismos nos que Dieste alude a este final impactante en *Dos arquivos do trasno*:

O remate ha de tela virtú de faguer simultáneas no espírito as imaxes que foron sucesivas.

A presenza do remate debe estar atafegada, pero latexando con forte resoancia en tódolo currunchos do relato.

O remate é unha imaxe que fai estoupalo conto nas verbas derradeiras, dempóis de inzalo poderosamente (123).

Anos máis tarde, a finais dos setenta, redundaría na cuestión nunha entrevista concedida a Carlos Gurméndez onde deixaba claro que para el o final do relato

no es el simple resultado de una ordenación de causa y efectos, el final episódico que anula el interés de todos los demás episodios, sino una especie de centro de gravitación imaginativa con posibilidades de construir un final, pero que está latente en la imaginación del cuentista desde el principio¹⁷

Tanto Poe coma Dieste senten que o conto é unha unidade. Esta unidade que o primeiro denomina “of

¹² Arturo Casas, *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*, Vigo: Galaxia, 1994.

¹³ Darío Villanueva, “A narrativa de Rafael Dieste”, en Rafael Dieste, *Obras Completas*, Sada-A Coaña: Edicións do Castro, vol. I, 1995, pp. 99-100.

¹⁴ En Edgar Allan Poe, *The Fall of the House of Usher and other Writings*, London: Penguin, 1986, pp. 480-492 e 437-447, respectivamente.

¹⁵ A partir de agora os números entre parénteses remitirán á edición que deste libro de relatos recollen Arturo Casas e Darío Villanueva en Rafael Dieste, *Obras Completas*, vol. I, Sada-A Coaña: Edicións do Castro, pp. 121-180.

¹⁶ Edgar Allan Poe, “Twice-told Tales”, *op. cit.*, p. 446.

¹⁷ Citamos pola reprodución parcial que desta entrevista fixo Xosé Luís Axeitos, “Introducción” a Rafael Dieste, *Obra galega completa*, Vigo: Galaxia, 1995, p. 21.

impresión”, é calificada polo segundo de “emotiva”. A idea desta unidade é expresada na teoría diesteana dunha forma moi lírica ó expresar que “O conto é o remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas volvores, todas mergulladas nunha mesma luz” (123). E se para Poe a brevidade do relato é esencial para non perder esa unidade de impresión, parece que para Dieste non o é menos, porque se ben no seu decálogo non deixou establecido tal principio, na praxe os seus relatos lense sobradamente dunha soa sentada, que era o canónico para o mestre bostoniano.

Outro principio teórico no que amosan os dous autores posturas concomitantes é o da similaridade á hora de compoñer un relato curto ou un poema. Os principios expostos como fundamentais serven para os dous xéneros; de feito Poe refírese a certas técnicas compositivas do relato cando expón en “The Philosophy of Composition” como realizou o seu célebre poema “The Raven”. Polo que a Dieste respecta este deixou dito na citada conferencia con Carlos Gurméndez que nos anos vinte el

292 tenía del cuento una idea que desde luego prevalece, aunque puede servir también, en lo sustancial para el poema en prosa...¹⁸

Non hai punto ningún que tivera traxexado xa na súa poética do relato Allan Poe que dunha maneira ou outra non estea presente logo na teoría de Rafael Dieste, por máis que este o exprese en todo momento dunha maneira sigular e moi persoal. Isto levaríanos a pensar na probabilidade máis que na posibilidade dun evidente influxo do bostoniano no rianxeiro, sobre todo se temos tamén en conta que, a de Dieste é unha das primeiras teorías do conto no ámbito hispano como moi atinadamente ten sinalado Arturo Casas¹⁹.

En canto á praxe contística diesteana a “suposta” influencia non semella tan clara. Así, se ben en ningún caso se pode chegar a falar de patente intertextualidade, hai uns poucos relatos onde se coincide no motivo ou na anécdota dun xeito altamente sospeitoso. Son sempre en Dieste relatos que teñen fundamentalmente dous aspectos en común: o elemento do

misterio maniféstase no seu máis alto grao e os narradores preséntanse frecuentemente como obsesionados por algún asunto ou sufrindo procesos alucinatorios e de inconsciencia.

Son dous os relatos de entre o total de vinte presentes na versión definitiva de *Dos arquivos do Trasno* onde poderíamos detectar con maior facilidade tales ecos poeianos. Ambos contos, ademais, encaixan nos presupostos teóricos do “Limiar”, o que non pode dicirse de todo o resto como xa ten advertido a crítica.²⁰

O primeiro destes relatos é o titulado “Encol da morte de Bieito”, conto que para María López Sández²¹, constitúe un dos modelos de arquitectura contística máis axustados o decálogo prologal inserido por Dieste en *Dos arquivos do trasno*. Neste relato de Dieste, o motivo do ser humano enterrado vivo equipararíao a “The Fall of the House of Usher” de Poe, onde na súa parte final trala morte de Madelaine en circunstancias estrañas o narrador, que ademais de testemuña é protagonista na acción, comeza a torturarse coa idea de que a irmá de Roderick Usher fora enterrada viva. Pouco a pouco, un narrador que nos fora presentado como verosímil por Poe no inicio do conto, vai perdendo o control sobre si mesmo ante a idea da presenza da morta na casa dos Usher. Igual lle pasa o narrador-protagonista de Dieste, que sofre a irrefreable obsesión de estar portando o cadaleito dun home que bule. En ámbolos dous casos non chegaremos con seguranza a saber se o cadáver fora ou non enterrado vivo.

O segundo dos relatos sinalados é “Once mil novecentos vinte e seis” que garda grandes semellanzas con “The Premature Burial”. En ámbolos dous contos, os protagonistas da acción experimentan unha viaxe polo inconsciente que os conduce ata un final igualmente paralizante: no caso de Poe o personaxe decátase con horror de que foi enterrado vivo; no de Dieste o protagonista ten que rexeitar ese mesma posibilidade ante as evidencias da súa nova realidade co que Dieste ofrece así ó relato un desenvolvemento diexético moito máis heroico: “Eu non son un ente-

¹⁸ *Ibidem*.

¹⁹ Arturo Casas, *art. cit.*, p. 29.

²⁰ Por exemplo Carballo Calero, *op. cit.*, pp. 711-712, sinala que algúns dos títulos engadidos en 1962 e 1973 non cumpren os requisitos diesteanos ou Basilio Losada, “O popular e o culto en *Dos arquivos do trasno*”, *Grial*, 78, outubro-novembro-décembro 1982, pp. 421-425, quen cuestiona a adecuación de moitos destes relatos á teoría contística esbozada no “Limiar” polo propio Dieste.

²¹ María López Sández, “*Dos arquivos do trasno*: unha poética aplicada” en AA. VV., *Tentativas sobre Dieste*, Arturo Casas ed., Santiago: Sotelo Blanco, 1995, pp. 159-162.

rrado en vida. E tópome neste nicho cumprindo unha gravadosa encomenda”, asegura o protagonista do rianxeiro quen, permanecendo en estado cataléptico, é enviado polo doutor Nóvoa Santos a unha viaxe polo tempo ata o decimosegundo milenio. Pero o que si é ben certo é que as sensacións que viven os protagonistas ata ese momento do espertar e toma de conciencia da súa nova situación son idénticas para os dous: ambos experimentan a angustia claustrofóbica do seu encerro. A circunscrición a un espacio pechado e a percepción da escuridade e as tebras así como a falta de resposta ós sentidos son relatadas de xeito asombrosamente coincidente entre ambos autores e, se ben os camiños temáticos que seguen os contos acaban por diverxer, na resolución do enigma utilizan os dous escritores o mesmo desenlace: o descubrimento de que ambos narradores sufrían un proceso de inconsciencia xerado por un soño.

Dun xeito menos preciso en canto á posibilidade de influencia do de Boston no galego aparecerían outras coincidencias entre relatos, como ocorre en “A luz en silencio” con respecto a “William Wilson”. Se atendemos á interpretación que deste relato ofrece César Antonio Molina teríamos que concluír con el en que

“La luz en silencio” es el relato de un regreso, de una búsqueda de la identidad real y existencial...Por su mente (a do narrador) pasan rápidamete una serie de imaxes y metáforas existenciales que trascienden su reflexión al campo físico y metafísico. En esa cámara oscura el linde del más allá somos nosotros mismos, nuestro propio interior. Y ese interior exteriorizado está vacío²²

Así as cousas, o protagonista principal, tanto no caso de Allan Poe como no de Rafael Dieste, enfrontaríase a un problema de identidade. Esta obsesión na procura do propio e verdadeiro ser quedaría plasmada na loita dos personaxes contra a outridade, tema central en ambos relatos, e que no conto de Dieste acaba por reflectirse nun baleiro absoluto e no caso de Poe se traduce nunha imaxe especular onde se ve proxectado o seu protagonista.

Xa para finalizar, poderían apuntarse outros relatos nos que semella haber certa proximidade entre ele-

mentos de carácter maligno desencadeantes da acción como ocorre, por exemplo, co ollo en “Espanto de nenos” de Dieste e “The Tell-tale Heart” ou “The Black Cat” de Poe.

► Balance final

En conclusión teríamos que dicir que, se ben non pode falarse no caso do estudo da obra e teoría contística de Edgar Allan Poe e Rafael Dieste dun claro influxo traducido en intertextualidades varias, e aínda que en moitas das pasaxes das obras destes autores tal posibilidade é, cando menos discutible, si, pola contra, parecen existir coincidencias máis que sospeitosas na praxe relatística de ambos. Coincidencias que se fan xa dificilmente explicables fora desta hipótese de influencia para o caso das poéticas do relato destes escritores. ¿Como explicar senón a converxencia en todos e cada un dos puntos do seu decálogo por parte de Dieste co autor americano? ¿Como xustificar a presenza dos mesmos termos e xiros para desenvolver tales poéticas en ambos casos?

Por outra banda, a constatación que Luís Rei Núñez²³, biógrafo de Dieste, fai das súas lecturas de mocidade do bostoniano, parecen non deixar lugar a moitas dúbidas con respecto ó coñecemento previo por parte de Dieste da obra de Poe naqueles anos 20. Ademais, non debe perderse de vista o feito de que Dieste fora sempre un bo coñecedor da obra do de Boston, como atestiguan as notas e guións para unhas conferencias que sobre Poe ía pronunciar anos máis tarde Dieste²⁴.

De todo o dito deduciríamos, xa para rematar, que Rafael Dieste puido moi ben, e o máis probable é que así fose, ter lido e asimilado as formas e propostas contísticas de Edgar Allan Poe con anterioridade á composición de *Dos arquivos do trasno*, feito este que se reflectiría, como temos visto, en distintas pasaxes deste libro. En todo caso é unha hipótese firme e a considerar que, se ben non pode levarse ata o grao de afirmar un irrefutable influxo directo dun autor no outro, si debe avaliarse como a solución máis convincente do problema.

²² César Antonio Molina, *art. cit.*, pp. 23-24.

²³ Luís Rei Núñez, *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1994², p. 58.

²⁴ Rafael Dieste, “Notas para una conferencia” e “Guión para una conferencia sobre Poe”, *Testimonios y homenajes*, Manuel Aznar Soler ed., Barcelona: Laia, 1983, pp. 230-232 e 232-234, respectivamente.